



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación oficial da materia de Repentización e Acompañamento para o curso 2022-2023



Índice

1. Introducción	3
2. Metodoloxía	3
3. Atención á diversidade	4
4. Temas transversais	4
4.1 Educación en valores	4
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	5
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas ¡Error! Marcador no definido.	
5.1 Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico.....	6
5.2 Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal.	6
6. Secuenciación do curso	7
6.1 Curso: 5º Grao Profesional.....	
6.2 Curso: 6º Grao Profesional	
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	20
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	21
9. ANEXOS	22
9.1 Probas de acceso 6º de grao profesional	22
9.2 Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación da Programación Didáctica para o curso 2020-2021 pola situación de pandemia por causa do Covid-19.	22

1. **Introdución**

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.


A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de relacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo. Ambos os aspectos, o funcional e o formativo, son indisociables e complementarios.

Xa que logo, nos contidos básicos desta disciplina débeseles conceder un lugar prioritario aos procedementos ou modos de saber facer que, aínda que resultan de natureza diversa, se articulan ao redor de tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución, ou, o que vén ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ao longo dos anos iniciais da educación instrumental e que a repentización e o acompañamento veñen potenciar; plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas

2. **Metodoloxía**

As clases impartiranse individualmente ou en grupos de dous ou tres tendo en conta a ratio de atención individual que precisa a materia. As clases en grupo son máis enriquecedoras nos aspectos creativo e participativo. A interacción dos alumnos nas clases facendo a práctica dos contidos produce unha aprendizaxe máis rápida e sobre todo máis segura.



A estrutura das clases terá en conta cada día de clase a secuenciación en apartados dos contidos, adicando a cada un deles o tempo necesario en cada unha das avaliacións.

3. Atención á diversidade

O alumnado do conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e económico medio, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de musica cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade realizarase mediante un conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor poderá prantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico.
2. Variacións da metodoloxía.
3. Proposta de actividades de traballo alternativas.
4. Organización do traballo de forma flexible.
5. Cambio na temporalización dos contidos.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos, e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos



dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas


5.1. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico.

É importante que o alumno, como músico, esté exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno de guitarra, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. Ademais, mediante os concertos sinfónicos e de agrupacións camerísticas, percibirá o timbre sonoro doutros instrumentos que poderá aplicar sempre nas diferentes voces da música para guitarra. O departamento de corda pulsada fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

- Realización de cursos.
- Organización de concertos.
- Programación de intercambios con outros conservatorios no segundo trimestre.

5.2. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal.

É moi importante que como músicos, e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fósemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte. Como guitarrista, o alumno utiliza os músculos das costas, brazos, mans e dedos continuamente. Desta forma, será importante que o alumno reforce a musculatura xa citada e os tendóns dos



brazos mediante a práctica de actividades físicas. Os deportes máis apropiados, ademais de facer estiramientos antes de tocar, serían a natación, pilates, circuítos de ximnasia predeterminados por un especialista e tamén o ioga e tai-chi. Cabe destacar a importancia da relaxación, non só á hora de tocar, senón tamén na vida cotiá. As actividades como ioga e tai-chi contribuirán á práctica da respiración diafragmática, a relaxación e tamén ao control da respiración, meditación e concentración. Por iso, estas disciplinas orientais, cumpren a esencia da famosa frase: "*Mens sana in corpore sano*".

6. Secuenciación do curso

6.1. Curso: 5º Grao Profesional

6.1.1. Obxectivos

- Adoptar Coñecer e poñer na práctica os conceptos musicais básicos da linguaxe musical.
- Coñecer e poñer en práctica a harmonización na guitarra, establecemento dos acordes, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais, estado de raíz e inversións, abreviación, acordes sen raíz, acordes "slash".
- Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que constitúen unha obra musical e os mecanismos propios dos diferentes sistemas musicais.
- Aplicar o análise á lectura e transporte na guitarra de pezas guitarrísticas de acompañamento e doutras características.
- Aplicar o análise á lectura de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento
- Aplicar o análise á improvisación de melodías, acompañamentos ou creación de pezas completas segundo as directrices de cada momento.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.



- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.

6.1.2. Contidos

- **Acordes**


- Coñecemento e práctica de acordes tríada e cuatríada.
- Coñecemento e práctica de tríadas superiores dos acordes, extensións dos mesmos.
- Notas características das funcións tonais.
- Concepto de nota a evitar (avn)
- Concepto de progresión harmónica

- **Improvisación**

- Exercicios dun solo acorde aplicando diferentes estruturas rítmicas.
- Utilización de acordes tríada e cuatríada.
- Improvisación e desenvolvemento de estruturas rítmicas.
- Improvisación sobre progresións harmónicas en frases de catro e oito compases.
- Improvisación sobre patróns rítmicos.

- **Baixo cifrado**

- Realización á guitarra de baixos continuo.
- Realización á guitarra de acompañamentos a partir de cifrado americano.



- Práctica das diferentes disposicións das voces e posicións dos acordes.
- Uso de diferentes progresións harmónicas e de rítmicas variadas.
- Realización de acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
- Introducción ao cifrado americano.
- **Lectura e Transporte**
 - Análise de obras para guitarra
 - Lectura de “lead sheets”

6.1.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso. Podemos recoller tres tipos de avaliación:

- Avaliación inicial: realizada na primeira clase do curso.
- Avaliación continua: permite observar a evolución do alumno.
- Avaliación puntual: realizada mediante probas que sirven para avaliar determinados elementos puntuais na evolución do alumno.

Criterios de avaliación

- Coñecer os acordes tríada e cuatríada.
- Coñecer as tríadas superiores dos acordes, e das extensións dos mesmos.



- Coñecer as notas características das funcións tonais.
- Coñecer o concepto de nota a evitar (avn)
- Coñecer do concepto de progresión harmónica
- Aplicar diferentes estruturas rítmicas na realización dos exercicios
- Enlazar correctamente voicings de acordes tríada e cuatríada.
- Improvisar e desenvolver de estruturas rítmicas.
- Improvisar correctamente sobre progresións harmónicas de dificultade acorde ao nivel en frases de catro e oito compases.
- Realizar baixos cifrados á guitarra.
- Coñecer e utilizar diferentes disposicións das voces e posicións dos acordes.
- Realizar acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
- Coñecer ao cifrado Americano.
- Ler correctamente “lead sheets” de dificultade axeitada ao curso
- Analizar “lead sheets” de dificultade axeitada ao curso

Mínimos esixibles

- Coñecer os acordes tríada e cuatríada.
- Coñecer e utilizar diferentes disposicións das voces e posicións dos acordes.
- Realizar acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.



- Demostrar o coñecemento básico do cifrado Americano.
- Ler correctamente “lead sheets” de dificultade axeitada ao adecuado
- 1ª Avaliación
 - Coñecer e dos acordes tríada e cuatríada.
 - Realizar acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
- 2ª Avaliación
 - Realizar acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
 - Demostrar o coñecemento básico do cifrado Americano.
- 3ª Avaliación
 - Coñecer e utilizar diferentes disposicións das voces e posicións dos acordes.
 - Realizar acompañamentos á guitarra con acordes en progresión, en bloque ou despregados, e usando diferentes rítmicas.
 - Ler correctamente “lead sheets” de dificultade axeitada ao adecuado

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a materia.

- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Criterios de cualificación

- Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de Aula	Audición
80%	20%

- Para o cálculo das cualificacións de cada unha das partes terase en conta a seguinte ponderación:

Criterio Técnico	Criterio Expresivo	Criterio Actitudinal
40%	40%	20%

No caso de que o alumno, por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar a audición, a ponderación sería de un 100% para a proba de aula.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.1.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 25%
- Presentación e dificultade do repertorio 25%

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro. A dita proba consistirá na lectura e realización de un acompañamento improvisado de tres “lead sheets” aportados polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 50%

6.1.5. Recursos didácticos

How to comp Hal Crook Ed. Advance Music

The Jazz theory workbook M. E. Boling Ed. Advance Music

Jazz Harmony A. Jaffe Ed. Advance Music

Teoría musical y armonía moderna vol.I y II Enric Herrera Ed. Antoni Bosch



The New Real Book Ed. Sher Music Co.

The New Real Book 2 Ed. Sher Music Co.

The New Real Book 3 Ed. Sher Music Co.

Jamey Aebersold series J. Aebersold Ed. Jamey Aebersold

6.2. Curso: 6º Grao Profesional

6.2.1. Obxectivos

- Coñecer e poñer na práctica os conceptos da música modal.
- Coñecer e poñer en práctica as estruturas e superestructuras dos acordes na guitarra, establecemento, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais.
- Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto tonal.
- Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto modal.
- Coñecer e poñer en práctica o cifrado Americano.
- Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”
- Empregar a redución harmónica de obras guitarrísticas e de “lead sheets”.
- Aplicar a transposición aos elementos harmónicos.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos..



6.2.2. Contidos

▪ Acordes

- Estruturas e superestruturas dos acordes.
- Desenvolvemento melódico-harmónico
- Notas características dos modos nun contexto modal.

▪ Improvisación

- Improvisación melódica nun contexto tonal partindo dunha progresión harmónica.
- Concepto de motivo melódico
- Improvisación melódica nun contexto modal partindo dun acorde ou dunha escala modal.
- Improvisación melódica con notas auxiliares.

▪ Baixo cifrado

- Cifrado Americano. Coñecemento do cifrado
- Realización a guitarra de baixo continuo.
- Realización de acompañamentos a partir de “lead sheets”

▪ Lectura e Transporte

- Redución harmónica de obras guitarrísticas e de “lead sheets”.
- Transposición dos elementos harmónicos.

6.2.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o




progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso. Así podemos recoller tres tipos de avaliación:

- Avaliación inicial: realizada na primeira clase do curso.
- Avaliación continua: permite observar a evolución do alumno.
- Avaliación puntual: realizada mediante probas que sireven para avaliar determinados elementos puntuais na evolución do alumno.

Criterios de avaliación

- Coñecer e practicar música modal.
- Coñecer e usar as estruturas e superestructuras dos acordes na guitarra, establecemento, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais.
- Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto tonal.
- Comprender os diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais da improvisación melódica nun contexto modal.
- Ler correctamente cifrado Americano.
- Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”
- Improvisar “solos” sobre progresións harmónicas tonais e modais dunha dificultade acorde ao nivel.



- Empregar correctamente a redución harmónica de obras guitarrísticas e de “lead sheets”.
- Realizar correctamente acompañamentos a partir de baixos continuos.
- Aplicar correctamente a transposición aos elementos harmónicos.

Mínimos esixibles

- Coñecer e practicar música modal.
- Coñecer e usar as estruturas e superestructuras dos acordes na guitarra, establecemento, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais.
- Improvisar “solos” sobre progresións harmónicas tonais e modais dunha dificultade acorde ao nivel.
- Ler correctamente cifrado Americano
- Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”.
- 1ª Avaliación
 - Ler correctamente cifrado Americano
 - Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”.
 - Coñecer e practicar música modal.
- 2ª Avaliación
 - Ler correctamente cifrado Americano
 - Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”.



- Coñecer e usar as estruturas e superestructuras dos acordes na guitarra, establecemento, posicións, disposicións, enlaces en progresións tonais e modais.
- 3ª Avaliación
 - Ler correctamente cifrado Americano
 - Realizar acompañamentos a partir de “lead sheets”.
 - Improvisar “solos” sobre progresións harmónicas tonais e modais dunha dificultade acorde ao nivel.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Criterios de cualificación

- Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de Aula 80%	Audición 20%
-------------------	--------------

- Para o cálculo das cualifiacións de cada unha das partes terase en conta a seguinte ponderación:

Criterio Técnico 40%	Criterio Expresivo 40%	Criterio Actitudinal 20%
----------------------	------------------------	--------------------------



No caso de que o alumno, por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar a audición, a ponderación sería de un 100% para a proba de aula.

6.2.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 50%

Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo cualificación positiva na avaliación de xuño poderá presentarse á proba extraordinaria de setembro. A dita proba consistirá na lectura e realización de un acompañamento improvisado de dous “lead sheets” aportados polo profesorado e interpretación dun standard de jazz a elección do alumno/a sobre un “backing track”, tocando a melodía e improvisando durante dous coros.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 50%

6.2.5. Recursos didácticos

How to comp Hal Crook Ed. Advance Music
The Jazz theory workbook M. E. Boling Ed. Advance Music
Jazz Harmony A. Jaffe Ed. Advance Music
Teoría musical y armonía moderna vol.I y II Enric Herrera Ed. Antoni Bosch
The New Real Book Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 2 Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 3 Ed. Sher Music Co.
Jamey Aebersold series J. Aebersold Ed. Jamey Aebersold

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos e alumnas: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, para un bo desenvolvemento da acción titorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.



8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo do instrumento, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (guitarras e arpas), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso 6º de grao profesional

Criterios de avaliación e cualificación

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Aspectos técnicos 50%
- Aspectos expresivos 50%

Para acceder a 6º curso do grao profesional o alumnado deberá realizar unha proba de acceso consistente en:

- Realizar o acompañamento dunha melodía a partir dun “lead sheet” aportado polo profesorado
- Realizar unha melodía improvisada sobre un patrón harmónico.
- Ler a primeira vista unha partitura para guitarra.

Os contidos, mínimos esixibles, criterios de avaliación e cualificación serán os correspondentes ao 5º curso de grao profesional.

9.2. Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación da Programación Didáctica para o curso 2020-2021 debida situación de pandemia por causa do Covid-19.

En aplicación das instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021, a partir da Orde EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de

Galicia, así como as sucesivas modificacións, establécense as seguintes directrices para a súa concreción nesta programación:

9.2.1. Avaliación Inicial.

A avaliación inicial, tanto no caso de actividade lectiva presencial como non presencial, empregarase para observar e analizar se existen aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a situación emocional do alumno, para poder mellorar e actuar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe de maneira personalizada e comezar a traballar a partir de estas aprendizaxes non adquiridas. A avaliación inicial, así como o Plan de Reforzo para os alumnos que o necesiten, quedará reflectida na primeira reunión de departamento, tras o inicio da actividade lectiva, no apartado de seguimento da programación.

9.2.2. Plan de reforzo.

O plan de reforzo para o alumnado de repensación e acompañamento ten a finalidade de que poidan, tanto recuperar os contidos e obxectivos que non acadaron no curso 2019-2020, así como para que, no caso de ter que pasar nalgún momento a ensinanza non presencial durante o curso 2020-2021, poidan avanzar no proceso de ensinanza-aprendizaxe e acadar os obxectivos e contidos do curso. Con este fin, unha vez detectadas as necesidades, o profesorado elaborará actividades, fomentando o emprego das novas tecnoloxías:

a) A través dos recursos: empregarase a bibliografía e medios dixitais para fomentar a capacidade analítica e de autonomía no traballo da materia blogs, tutoriais, creación de redes de aprendizaxe, backing tracks, ferramentas de práctica coma iReal pro, etc. Outras actividades propostas xirarán en torno á visualización e análise crítico do alumnado de vídeos de grandes interpretacións, tanto da técnica como da musicalidade, do estilo ou dos recursos empregados. Estas actividades estarán guiadas polo profesor a través da aula virtual ou dos medios que se consideren necesarios, plasmándose en traballos escritos, así como aplicación directa no traballo práctico por parte do alumnado.



b) A través de sesións de práctica: para mellorar a calidade do estudo da materia co instrumento e a aplicación práctica dos conceptos aprendidos, o profesor elaborará sesións de estudo que compartirá en *streaming* ou a través dos medios dixitais antes citados e verificará a evolución mediante a corrección de vídeos que elaborarán os alumnos.

9.2.3. Actividade lectiva semi-presencial ou non presencial.

Se a actividade lectiva pasase a semi-presencial ou non presencial para algún alumno ou alumna, o seguimento do alumnado e as clases realizaranse a través da **Aula Virtual** facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e FP é a plataforma de **CentrosNet** do centro, así como aplicacións para a realización de clases ou envío e recepción de materiais, no caso de ser necesarias estas últimas. As aplicacións empregadas serán: **Falemos** ou **Webex Xunta**.

Empregaranse estas ferramentas para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumno e a comunicación fluída co profesor, na medida das posibilidades do mesmo.

As clases non presenciais realizaranse, na medida do posible, durante o horario espello asignado para cada alumno ou alumna.


O profesor poderá adaptar os contidos e obxectivos relativos ao traballo en grupo empregando os medios dixitais.

9.2.4. A avaliación.

A avaliación, no caso de non presencialidade realizarase mediante as ferramentas antes mencionadas:

- Os criterios de avaliación serán os mesmos que figuran para o curso, coa excepción dos relativos á práctica de conxunto e á interpretación en público, que non se tomarán en consideración.

- No relativo aos mínimos esixibles para aprobar o curso non se contemplará a realización de audicións.



- Os procedementos e ferramentas de avaliación contemplados adaptaranse mediante o uso das tecnoloxías dixitais.
- A proba de aula será substituída por unha gravación en vídeo ou será realizada durante unha conexión telemática.
- Os criterios de cualificación serán os que figuran para cada curso, pero a proba de aula ponderará co 100% da nota.
- Para os procedementos de recuperación ordinarios, como os de setembro, a proba terá os mesmos criterios de cualificación que figuran en cada curso, aínda que poderá realizarse mediante unha gravación en vídeo ou será realizada durante unha conexión telemática.